

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

PEDRO FLORIANI

REDONDELA

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

CURSOS LOMCE

ANO ACADÉMICO 2022 / 2023

ÍNDICE

- 1) Contexto
 - Centro
 - Alumnado
- 2) Obxectivos
- 3) Competencias clave
 - ESO
 - Bacharelato
- 4) Materias da ESO (Cursos LOMCE)
 - Criterios xerais
 - Valores éticos
 - 2º ESO
 - 4º ESO
- 5) Materias de Bacharelato (Cursos LOMCE)
 - Introducción xeral
 - Historia da Filosofía 2º Bach.

1. CONTEXTO

Centro: IES Pedro Floriani

Situación: A marisma, Santa Mariña, Redondela.

Centros adscritos: CEIP Santo Paio de Abaixo, CEIP Porto Cabeiro, CPR Vigo

Ensinanzas que oferta o centro: ESO, Bacharelato, FPBásica, Ciclos Formativos (de Grao Medio e Grao Superior), Ensinanza Secundaria de Adultos e unha sección da Escola Oficial de Idiomas.

Alumnado:

Citamos o PEC para describirmos o alumnado do centro:

Segundo estudos reflectidas no Proxecto Educativo, máis da metade do alumnado manifesta falar normalmente o galego a nivel familiar. Os mozos e mozas están en contacto directo coa lingua galega, xa que é a lingua habitual dos seus pais e avós; pero eles, ao contrario, empregan o castelán como lingua vehicular.

O Instituto de Ensinanza Secundaria "PEDRO FLORIANI" de Redondela é un centro rural de pequenas dimensións no referente a número de alumnos (A falta de completar o proceso de matrícula estímase que este curso teremos arredor de 450) pero moi diverso e amplo no referente a ensinanzas que se imparten.

2. OBXECTIVOS **(adaptados ao contexto do centro e do alumnado)**

- 1) A Filosofía haberá axudar á/ó alumna/o a acadar unha ponderada actitude crítica, para non aceptar realidades nin ideoloxías, sen sometelas a revisión. Para non deixarse alienar nin deshumanizar polo contexto social, cultural ou político.
- 2) Á Filosofía correspóndelle unha función integradora e de fundamentación dos diversos saberes nos que a/o estudante está sendo informada/o e educada/o.
- 3) A Filosofía será a que lle amose á/ó alumna/o o camiño para:
 - a) Ler obxectivamente as manifestacións culturais,
 - b) Penetrar alén das aparencias, buscando a significación profunda, e
 - c) Comprometela/o nunha tarefa humanizadora da sociedade.
- 4) Á Filosofía correspóndelle dinamizar o desenvolvemento da formación humanística da/o alumna/o e potenciar o seu interese por profundar no coñecemento do ser humano e pola apertura á formulación de cuestións últimas.
- 5) A Filosofía axudará á/ó alumna/o a:
 - a) A formación de hábitos de pensar e ao rigor do pensamento abstracto,
 - b) A progresiva adquisición dun vocabulario de orixe filosófica,
 - c) O uso dun vocabulario preciso e técnico, e
 - d) A coñecer as/os grandes autoras/es e as correntes filosóficas que forman parte da nosa cultura.
- 6) A Filosofía deberá contribuír á toma de conciencia do alumnado do feito da globalización, tanto para recrear conceptos como xustiza ou igualdade como para usar ferramentas de comunicación global de xeito coherente coa vida local, aproveitando as súas vantaxes (tamén no estritamente educativo) e evitando os seus inconvenientes e perigos.
- 7) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- 8) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- 9) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. Superar os binarismos e aceptar e protexer todas as sensibilidades de xénero, identidade e desexo.

- 10) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- 11) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- 12) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- 13) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- 14) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- 15) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- 16) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- 17) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- 18) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- 19) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- 20) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. COMPETENCIAS CLAVE

ESO

Competencias ESO				
	4	3	2	1
CCL Comunicación lingüística.	Exprésase con corrección, oralmente e por escrito, cun vocabulario rico e axeitado.	Comete pequenas imprecisións no expresión oral ou escrita, ou ten un vocabulario limitado; sen afectar á súa capacidade de facerse entender.	Utiliza frecuentemente o vocabulario de xeito impropio ou limitado, oralmente ou por escrito, dificultando a comprensión.	Ten dificultades graves na expresión oral e/ou escrita.
	Redacta con corrección, boa ortografía e escritura clara.	Comete pequenos erros na ortografía ou expresión sen afectar á súa capacidade de facerse entender.	Escribe con faltas de ortografía e/ou gramaticais graves; dificultando a comprensión.	Escribe de xeito dificilmente lexible.
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Identifica correctamente os enunciados científicos.	Confunde nalgúns ocasións os enunciados das ciencia con algunhas crenzas e prexuízos comúns.	Con frecuencia confunde enunciados científicos, crenzas e prexuízos.	Non distingue os enunciados científicos das crenzas e prexuízos.
	Acepta, de xeito crítico, o que se presenta como verdades da ciencia.	Algunhas veces acepta sen crítica afirmacións que se presentan como científicas.	Frecuentemente acepta sen crítica afirmacións que se presentan como científicas.	
	Comprende a necesidade de limitar eticamente o uso da tecnoloxía.	Pon esporadicamente o avance tecnolóxico por riba dos criterios éticos.	Pon frecuentemente o avance tecnolóxico por riba dos criterios éticos.	Considera xustificada calquera acción ou actitude só por ser efectiva tecnoloxicamente.
CD Competencia dixital.	Atopa información en internet e selecciónaa criticamente.	Algunhas veces ten dificultades para atopar información ou acéptaa de xeito pouco crítico.	Frecuentemente comete erros ao buscar información ou acéptaa sen crítica.	Desenténdese das aplicacións informáticas e internet ou utilizaas sen actitude crítica.
	Utiliza as plataformas dixitais para recibir e entregar ficheiros.	Ten algunhas dificultades coas aplicacións, plataformas para recibir e entregar ficheiros.	Ten dificultades graves coas aplicacións, plataformas para recibir e entregar ficheiros.	Non é quen de usar internet para descargar ficheiros ou entregar traballos, ou o fai fóra de prazos ou sen prestar atención aos formatos.
	Utiliza con soltura as aplicacións informáticas que se piden nas materias do departamento, respectando os formatos esixidos.	Comete pequenos erros cos formatos ou prazos de entrega dos traballos que debe entregar online ou en soporte informático.	Comete erros graves cos formatos ou prazos de entrega dos traballos que debe entregar online ou en soporte informático, facéndoos inservibles.	
CAA Competencia aprender a aprender.	Realiza esquemas dos contidos traballados na aula e utilizaos para guiarse na redacción dos exercicios.	Algunhas veces non elabora os esquemas dos contidos traballados na aula ou non os utiliza para guiarse na redacción dos exercicios.	Habitualmente non elabora os esquemas dos contidos traballados na aula e non os utiliza para guiarse na redacción dos exercicios.	Desenténdese dos esquemas traballados na clase e nin sequera os elabora ou copia no caderno.
	Presta atención ás correccións que se lle fan no caderno e corrixe os exercicios como se lle indica.	Algunhas veces non presta atención ás correccións que se lle fan no caderno ou non as ten en conta para corrixir os exercicios.	Habitualmente non presta atención ás correccións que se lle fan no caderno ou non as ten en conta para corrixir os exercicios.	Non presta nunca atención aos comentarios que se lle fan no caderno para corrixir os exercicios.

Competencias ESO				
	4	3	2	1
CSC Competencias sociais e cívicas.	Ten conciencia da estrutura temporal e comprende o contexto dun feito histórico a partir da referencia cronolóxica.	Comete pequenos anacronismos ao imaxinar o contexto dos feitos históricos a partir das referencias cronolóxicas.	Constantemente comete anacronismos ao imaxinar o contexto dos feitos históricos a partir das referencias cronolóxicas.	Non ten conciencia da estrutura temporal e as referencias cronolóxicas non lle suxiren un contexto dos feitos históricos.
	Comprende que os contidos traballados na aula teñen sentido pola súa aplicación á vida cotiá, fóra dela.	Cústalle algo de traballo establecer a conexión entre os contidos traballados na aula e a vida cotiá, fóra dela.	Frecuentemente se deixa levar por prexuízos ou frases feitas e argumenta sen ter en conta a posible aplicación desas afirmacións na vida cotiá.	Non argumenta sobre as accións da vida cotiá ou o fai sen un compromiso de coherencia coa súa acción na vida cotiá.
	Respecta as ideas e crenzas contrarias á súa e comprende cando as diferenzas se deben a marcos ideolóxicos e sociais distintos.	En ocasións exprésase de xeito pouco comprensivo con ideas ou crenzas distintas da súa, ou ten algunha dificultade para adoptar o punto de vista doutras persoas.	Habitualmente exprésase de xeito pouco comprensivo con ideas ou crenzas distintas da súa e ten dificultade ou pouco interese en adoptar o punto de vista doutras persoas.	Nunca adopta o punto de vista doutra persoa e ignora ou despreza as ideas e crenzas distintas das súas.
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Ten hábito de completar a información que recibe na aula preguntando á/o profesor/a e consultando manuais e internet.	Preocúpase de obter boa información na aula pero non a completa preguntando nin consultando manuais e/ou internet.	Frecuentemente descoida revisar a información que recibe na aula, omitindo preguntar ou consultar fontes alternativas.	Ten habitualmente o caderno incompleto e falta moita información da aula, que non se completa mediante outras fontes.
	É consciente da importancia da razón para organizar a acción e actúa coordinadamente nas actividades de aula.	Esporadicamente déixase levar pola acción e actúa de xeito descoordinado nas actividades de aula.	Habitualmente actúa de xeito descoordinado nas actividades de aula.	Non coordina a súa acción nin se adapta ao grupo nas actividades de aula.
	Traballa comodamente tanto organizando unha actividade de grupo como seguindo indicacións doutras persoas.	En ocasións ten pequenas dificultades para asumir roles de organización ou para traballar seguindo indicacións doutras persoas.	Ten dificultades graves para asumir roles de organización ou para traballar seguindo indicacións doutras persoas.	Ten problemas para aceptar o rol de organizador/a, tanto cando lle corresponde exercelo como cando o exerce outra persoa.
CCEC Conciencia e expresións culturais.	É consciente da importancia da arte e a tradición cultural para expresar conceptos, ideais e emocións (mediante murais, dramatizacións, etc.).	En ocasións desestima a necesidade de representar artisticamente os conceptos, ideais e emocións.	Cústalle traballo participar en actividades nas que se representan artisticamente conceptos, ideais ou emocións.	Non participa nas actividades nas que se representan artisticamente conceptos, ideais ou emocións.
	Amosa na súa argumentación os tópicos e modos de expresión da súa contorna cultural.	Ás veces se deixa levar por prexuízos ou tópicos doutras culturas, difundidos a través dos medios de comunicación de masas e similares.	Frecuentemente asume estereotipos doutras culturas en prexuízo das da súa propia contorna.	Menospreza as formas culturais e modos de expresión da súa contorna.
	Procura dar forma aos seus traballos, elaborándoos e presentándoos de xeito claro e estético.	A presentación dos seus traballos é clara e limpa pero non hai unha preocupación estética (p.ex.: letra lexible pero irregular, etc.)	A presentación dos traballos é deficiente, dificultando a comprensión e a súa utilización posteriormente para preparar outros traballos ou exames.	Descoida de xeito habitual a presentación dos seus traballos, resultando ilexibles ou imposibles de utilizar con posterioridade.

COMPETENCIAS CLAVE

Bacharelato

Competencias Bacharelato				
	4	3	2	1
CCL Comunicación lingüística.	Exprésase con corrección, oralmente ou por escrito, cun vocabulario rico e expresivo que inclúe os termos técnicos da materia.	Comete pequenas imprecisións na expresión oral ou escrita, ou ten un vocabulario limitado ou pobre técnicaamente, de xeito que se fai entender pero transmite un coñecemento incompleto da materia.	Utiliza frecuentemente o vocabulario de xeito impropio ou limitado, oralmente ou por escrito, dificultando a comprensión. Forma mal as oracións ou non ten un rexistro correcto de linguaxe (usa coloquialismos, etc.).	Ten dificultades graves na expresión oral e/ou escrita. Usa impropriamente, descoñece ou confunde os termos técnicos.
	Redacta con claridade e boa estrutura, sen faltas de ortografía, con letra lexible, marxes, etc.	Comete pequenos erros na ortografía ou expresión (tiles, signos de puntuación) que non dificultan a lectura.	Escribe con faltas de ortografía e/ou gramaticais que dificultan a lectura e a comprensión.	Escribe de xeito dificilmente lexible por caligrafía, sintaxe, marxes, distribución en parágrafos...
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.	Comprende de xeito profundo os parecidos e diferenzas entre ciencia, filosofía e outras formas de coñecemento.	Confunde ocasionalmente os enunciados científicos e os que non o son, crenzas e coñecementos, xuízos declarativos e valorativos ou datos e prexuízos; pero mantén unha actitude basicamente crítica e obxectiva.	Con frecuencia confunde enunciados científicos, crenzas e prexuízos, ou tamén datos e valoracións, etc., perdendo frecuentemente a capacidade crítica e a obxectividade.	Non distingue os enunciados científicos das crenzas e prexuízos, o obxectivo do subxectivo, os datos das valoracións, o tecnolóxico do moral, etc.
	Valora cada forma de coñecemento polas súas virtudes e apoia a súa argumentación ou exposición na máis conveniente en cada caso, sempre dun xeito crítico.	Algunhas veces ten dificultades para elixir entre argumentos racionais, emotivos, artísticos, etc., sen caer en falacias ou argumentacións perversas.	Elix argumentos de maneira pouco axeitada á súa argumentación, incorrendo en falacias ou desvirtuando o seu discurso.	Non argumenta en sentido propio, e aporta o que considera argumentos apoiándose máis ben na elocuencia ou a agresividade verbal.
	É consciente da complexa relación que existe entre valores éticos e científicos, e argumenta con prudencia en temas de ética e tecnoloxía.	En ocasións opta acriticamente por argumentos éticos científicos ou tecnolóxicos, excluíndo os outros puntos de vista pero mantendo unha actitude basicamente prudente no seu discurso.	Pon frecuentemente o avance tecnolóxico por riba dos criterios éticos, omitindo considerar valores como a dignidade ou os dereitos humanos en discusións sobre economía, medio ambiente, desenvolvemento, etc.	Considera xustificada calquera acción ou actitude só por ser tecnoloxicamente correcta.
CD Competencia dixital.	Dispón dunha colección de fontes de información en internet que coñece ben e manexa con soltura de xeito crítico e efectivo.	Cústalle traballo atopar información fiable ou diferenciar a que o é da que non, pero resolve finalmente os problemas sen perder o ritmo da clase.	Frecuentemente comete erros ao buscar información ou acéptaa sen crítica, ou non a atopa e chega a perder o ritmo da clase.	Desenténdese das aplicacións informáticas e internet ou utilizaas sen actitude crítica.
	Dispón dunha colección de plataformas dixitais, aulas virtuais, etc. para recibir e entregar ficheiros e adáptase con facilidade a novas	Cústalle un pouco adaptarse a novas plataformas, aplicacións, etc. pero resolve finalmente os problemas sen perder o ritmo da clase.	Ten dificultades graves para adaptarse a novas plataformas, aplicacións, etc. e chega a perder o ritmo da clase.	Non é quen de usar internet para descargar ficheiros ou entregar traballos, ou o fai fóra de prazos ou sen prestar atención aos formatos.

Competencias Bacharelato				
	4	3	2	1
	propostas.			
	Utiliza con soltura as aplicacións informáticas que se piden nas materias do departamento, respectando os formatos e prazos esixidos.	Cústalle un pouco adaptarse aos formatos, prazos, etc. pedidos na materia pero resolve finalmente os problemas sen perder o ritmo da clase.	Comete erros graves cos formatos ou prazos de entrega dos traballos e chega a deixar traballos sen entregar e perder o ritmo da clase.	
CAA Competencia aprender a aprender.	Ten presente o esquema global da materia para ter unha visión global do tema que se trata en cada momento e procura adquirir, ao inicio de cada nova unidade, conceptos organizadores previos nos que incluír os conceptos novos.	Cústalle traballo ter presente o esquema global da materia pero procura ter unha visión global do tema que se trata en cada momento. Os conceptos organizadores previos que forma ao inicio de cada nova unidade son rudimentarios e cústalle incluír neles os conceptos novos.	Non ten presente o esquema global da materia e non ten unha visión global do tema que se trata en cada momento. Non forma conceptos organizadores previos ao inicio de cada unidade e non consegue dar sentido aos conceptos novos, atopando dificultades graves para comprendelos e asimílalos.	Non ten en conta o esquema global da materia nin forma conceptos organizadores previos ao inicio de cada nova unidade, non ten visión de conxunto para comprender e assimilar os conceptos novos durante a clase.
	Realiza esquemas dos contidos traballados na aula e utilízalos para guiarse na redacción dos exercicios.	Algunhas veces non elabora os esquemas dos contidos traballados na aula ou non os utiliza para guiarse na redacción dos exercicios.	Habitualmente non traballa os esquemas dos contidos traballados na aula e non os utiliza para guiarse na redacción dos exercicios.	Desenténdese dos esquemas traballados na clase e nin sequera os elabora ou copia no caderno.
	Presenta en clase os seus exercicios para que se lle corrixa, toma notas dos comentarios feitos pola/o profesor/a e polas/os compañeiras/os de clase e tenos en conta para a realización de novos traballos.	Algunhas veces fai exercicios que non presenta para que se lle corrixa, pero en xeral sérvenlle para mellorar os novos traballos, quizais porque toma nota das correccións feitas a outras/os compañeiras/os.	Habitualmente evita presentar os seus exercicios para que se lle corrixa, ou non os fai, ou non toma nota dos comentarios feitos pola/o profesor/a e polas/os compañeiras/os de clase polo que en xeral non mellora os novos traballos.	Desenténdese dos exercicios ou non os valora suficiente como para presentalos para que se lle corrixa; tampouco toma nota das correccións feitas a outras/os compañeiras/os, polo que non mellora os novos traballos.
	Entende as probas obxectivas e todos os traballos puntuables como actos educativos dos que extraer experiencia para mellorar a comprensión dos conceptos e os próximos traballos. Consulta dúbidas sobre a corrección das probas obxectivas e ten en conta os comentarios da corrección para as seguintes probas e exercicios.	Ás veces presta pouca atención á corrección das probas obxectivas e traballos puntuables, ou non consulta dúbidas, e non extrae deles toda a experiencia posible, pero en xeral vai mellorando con cada proba ou traballo.	Por regra xeral presta pouca atención á corrección das probas obxectivas e traballos puntuables, e non consulta dúbidas, polo que mellora insuficientemente con cada proba ou traballo.	Non le as correccións de probas obxectivas e traballos puntuables, ou non lles presta atención nin consulta dúbidas, polo que repite unha e outra vez os mesmos erros e non mellora na comprensión dos conceptos.
CSC Competencias sociais e cívicas.	Ten unha conciencia profunda da estrutura espacial e temporal da historia e imaxina con precisión o contexto xeográfico e socio-cultural de autoras/es, escolas e problemas filosóficos a partir da referencia cronolóxica.	Sitúa correctamente autoras/es, escolas e problemas filosóficos a partir da referencia cronolóxica pero comete anacronismos ou ten dificultades con algúns conceptos, se ben non lle impiden unha comprensión suficiente.	Constantemente comete anacronismos ao imaxinar o contexto dos feitos históricos a partir das referencias cronolóxicas e isto créalle dificultades tanto na comprensión dos conceptos como na exposición oral e/ou escrita.	Memoriza datos sen buscar relación co contexto histórico e xeográfico, atopando dificultades moi graves na comprensión e exposición de conceptos e para establecer relacións entre autoras/es, escolas e problemas filosóficos.
	É consciente do diálogo que se dá entre filosofía e historia, sendo quen de ver o progreso paralelo de ambas. En particular, comprende o momento presente como consecuencia dun desenvolvemento tanto das forzas que moven a sociedade como das ideas que son causa e	Cústalle algo de traballo establecer a conexión entre o pensamento e a historia pero finalmente consegue establecer relacións entre ambos e exprésala con corrección suficiente. En particular, consegue cobrar suficiente conciencia do presente como consecuencia dun proceso histórico no que o pen-	Ten dificultades graves para comprender o diálogo entre filosofía e historia e non ve a relación entre ambas, atopando dificultades graves para exprésala. Dá escasa importancia ao proceso histórico que levou á presente situación social e cultural.	Considera o presente como unha situación dada, imposible de cambiar e en certo modo ideal, malia os problemas e inxustizas que quizais detecta. Interpreta outras épocas ou culturas como erros, froito de actitudes absurdas das xentes que viviron nelas.

Competencias Bacharelato				
	4	3	2	1
	consecuencia dese desenvolvemento.	samento ten unha parte importante.		
	Entende o papel da ideoloxía como superestrutura formada a partir dun sistema económico pero tamén como falsa conciencia encubridora da inxustiza, o que reforza a súa actitude crítica ante as ideoloxías.	Non entende con profundidade o concepto de ideoloxía pero ten unha actitude crítica que lle fai reconsiderar as crenzas que se desprenden como “naturais” do sistema económico.	Non entende axeitadamente o concepto de ideoloxía e carece da capacidade crítica para entender como inxustas algunhas situacións que só se xustifican polo sistema económico.	Carece do concepto de ideoloxía e de capacidade crítica e entende como naturais e necesarias as situacións inxustas que só se xustifican polo sistema económico.
	Comprende a necesidade de considerar o marco global no que cada persoa concibe as súas crenzas e, en consecuencia, respecta as opinións contrarias e reclama que se respecten as súas.	Ten dificultades para entender puntos de vista distintos ou que non se comprendan os seus, pero trata con respecto ás persoas que pensan distinto e reclama respecto destas persoas.	Frecuentemente atopa dificultades porque non comprende o punto de vista doutra persoa ou porque non se comprende o seu, chegando incluso a enfrontamentos que quedan sen resolver, mantendo un mínimo respecto mutuo.	Despreza os puntos de vista doutras persoas e non consegue argumentar os propios. Chega a enfrontamentos que enrarecen o ambiente da clase.
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	Ten hábito de completar a información que recibe na aula preguntando á/o profesor/a e consultando manuais e internet.	Preocúpase de obter boa información na aula pero non a completa preguntando nin consultando manuais e/ou internet.	Frecuentemente descoida revisar a información que recibe na aula, omitindo preguntar ou consultar fontes alternativas.	Non ten apuntamentos nin os materiais entregados polo departamento, ou os ten en desorde e incompletos.
	Traballa comodamente tanto organizando unha actividade de grupo como seguindo indicacións doutras persoas.	En ocasións ten pequenas dificultades para asumir roles de organización ou para traballar seguindo indicacións doutras persoas.	Ten dificultades graves para asumir roles de organización ou para traballar seguindo indicacións doutras persoas.	Ten problemas para aceptar o rol de organizador/a, tanto cando lle corresponde exercelo como cando o exerce outra persoa.
CCEC Conciencia e expresións culturais.	Coñece as doutrinas vitalistas e valora a expresión artística das emocións como asunto central da filosofía, incorporando o tema á súa vida e dando ás súas producións unha beleza formal que traspón ese mundo de emocións.	Non coñece a fondo as doutrinas vitalistas pero en xeral recoñece os elementos emocionais das doutrinas e os incorpora na súa vida e producións	Descoñece en boa medida as doutrinas vitalistas e ten dificultades para aceptar, noutras persoas ou doutrinas e en si mesma/o e as súas producións, os aspectos emotivos e estéticos.	Agocha e reprime as emocións, propias e alleas, actuando con desgusto ou desconsideración cando afloran e ignorándoas ao dar forma ás súas producións.
	Amosa na súa argumentación os tópicos e modos de expresión da súa contorna cultural.	Ás veces se deixa levar por prexuízos ou tópicos doutras culturas, difundidos a través dos medios de comunicación de masas e similares.	Frecuentemente asume estereotipos doutras culturas en prexuízo das da súa propia contorna.	Menospreza as formas culturais e modos de expresión da súa contorna.

5. MATERIAS DA ESO

(Cursos LOMCE)

MATERIAS DA ESO Cursos LOMCE

Crterios xerais

Metodoloxía

Como principio básico o traballo realizarase en grupo, consistindo en tarefas nas que o alumnado teña que cooperar, ou ben en tarefas que fomenten a interacción (xogos) ou a expresión plástica e musical (confección de murais e de banda deseñada en plataformas online, cancións...).

Os principais conceptos, vocabularios e exercicios recolleranse no caderno de clase e serán tema para comentario e proba escrita.

Instrumentos de avaliación

Caderno: Revisarase de xeito habitual o traballo de aula e, unha vez por avaliación, todo o traballo anterior. A puntuación obtida servirá como baremo para calcular a nota que a/o alumna acada do total do valor das actividades de aula e colectivas.

Participación: O propio alumnado, de xeito rotatorio, avaliará a participación da clase, atendendo tamén á puntualidade e o material. A puntuación obtida servirá como baremo para calcular a nota que a/o alumna acada do total do valor das actividades de aula e colectivas.

Traballo de aula e proxectos colectivos: Traballos individuais e/ou colectivos como a confección de murais e banda deseñada, xogos, cancións, actividades nunha plataforma de internet, etc. serán avaliados pola/o profesor/a, que fará explícitos os criterios de avaliación. Puntuaranse conxuntamente a parte que estea feita no caderno individual, o traballo final presentado e a participación rexistrada de cada alumna/o e, tendo en conta a proporción de nota obtida nos rexistros de avaliación e autoavaliación, calcularase unha cualificación que representará ata o 50% do total da avaliación, excepto nas materias nas que se especifique outro criterio.

Proba escrita: En cada avaliación haberá unha proba escrita sobre os contidos dese período. A nota terá un peso de 50% na cualificación da avaliación, excepto nas materias nas que se especifique outro criterio.

Actividades extraescolares e complementarias

Faranse actividades sinxelas nos días dedicados internacionalmente a conmemorar efemérides ou ideais como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Loita contra a violencia machista, a Paz, o Feminismo, etc.

Contarase, na medida do posible, coa participación de persoas vinculadas a asociacións comprometidas cos Dereitos Humanos, ONGs, etc.

VALORES ÉTICOS 2º, 4º ESO

Introdución

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na es- colla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxec- to se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que deter- minarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade per- soal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da compe- tencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igual- dade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competen- cias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éti- cos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos co- laborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e selec- cionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capaci- dade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías di- dácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos coo- perativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

VALORES ÉTICOS 2º ESO

Contidos, temporización, criterios e instrumentos de avaliación

Aplícanse os criterios xerais recollidos no apartado xeral “VALORES ÉTICOS 2º, 4º ESO”.

En cada avaliación haberá un ou varios proxectos, xogos, etc. que terán un peso do 50% na nota da avaliación, que será proporcional aos rexistros de autoavaliación e do caderno. Haberá tamén unha proba escrita cun peso do 50% na avaliación. A falta ao presentar o caderno implicará en cada avaliación que a nota máxima sexa 4, e calcularase en proporción ao resultado obtido sobre 10 ptos.

Os contidos desta materia divídense en 3 bloques:

Bloque 1. A dignidade da persoa

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

Bloque 3. A reflexión ética

Bloque 4. A xustiza e a política

Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

Agrúpanse por avaliacións do seguinte xeito:

I Av. (Bloques 1, 4, 5). **Proxecto:** *A dignidade humana e a xustiza*, Cidades iluminadas contra a pena de morte; confección colectiva dun mural contra a pena de morte. **Proba escrita** sobre os contidos.

II Av (Bloques 1, 2, 3, 5). **Proxecto:** *A orixe dos Dereitos Humanos*. Circunstancias históricas da DUDH, 3 xeracións dos Dereitos: Elaboración colectiva dun informe en soporte informático a decidir: presentación multimedia, vídeo clip... **Proba escrita** sobre os contidos.

III Av (Bloques 5, 6). **Proxecto:** *Medio ambiente e DDHH*. Tecnoloxía e globalización: elaboración colectiva dun boletín. **Xogo:** (En colaboración coa Rede de Escolas de Amnistía Internacional) *Drons e Hackers*.

Avaliación inicial

Cuestionario breve. Medirá as competencias CCL, CSC, CCEC.

Atención á diversidade

Alumnado con dificultades: Basta coa participación nos proxectos para acadar o aprobado. En caso de existir dificultades graves incluso para este mínimo, consultar con titoría, orientación e/ou xefatura de estudos e tomar unha decisión en consecuencia.

Alumnado con aproveitamento superior: Poderá dedicar tempo a traballos creativos (p.ex., debuxos, cancións ou infografías sobre os dereitos humanos) ou á busca de información, utilizando materiais (como páxinas en internet ou revistas de Amnistía Internacional, etc.).

Recuperación

Proba escrita sobre os contidos do proxecto, traballos realizados durante a avaliación nos cadernos e temas comentados a propósito dos proxectos.

Deberase recuperar cada avaliación individualmente. As probas escritas faranse despois de que se celebren os exames da III Av. e se entreguen as notas. Non se fará recuperación en caso de que a/o alumna/o teña as tres avaliacións suspensas.

A cualificación da avaliación será o 80% da obtida na proba escrita de recuperación.

Cualificación da Convocatoria ordinaria

Ademais das dúas avaliacións previstas, realizarase unha terceira avaliación, que chamaremos “formal” posto que os resultados non se rexistrarán materialmente na aplicación Xade, de traballos e proba escrita con, polo menos, 15 días de antelación á finalización das clases no mes de xuño e comunicarse o resultado ao alumnado. Deste xeito haberá tres notas correspondentes a tres avaliación e procederase como segue:

- Se a media das tres avaliacións é igual a 5 ou superior, a nota da avaliación final será esa media, redondeada ao enteiro máis próximo. Unha puntuación especialmente alta nas táboas de indicadores (Autoavaliación diaria da participación polo grupo e avaliación da/o profesor/a, caderno da/o alumna/o, etc.) pode axudar a redondear ao enteiro superior aínda que a parte decimal sexa inferior a 0,5.

- Se a nota dalgunha avaliación é inferior a 4 ou a media das tres é inferior a 5 a/o alumna/o deberá facer actividades de recuperación para poderlas ter en conta na avaliación final, en caso contrario estará suspensa/o nesta.

- Se a nota da avaliación final é igual a 5 ou superior, no período entre esta 3ª avaliación formal e o final das clases a/o alumna/o poderá presentar traballos ou realizar actividades para subila. Se é inferior a 5 deberá facelo e acadar unha puntuación igual a 5 ou maior, do contrario a materia quedará suspensa na avaliación final.

Despois das avaliacións o alumnado poderá revisar e completar os traballos e o caderno, que serán avaliados cos mesmos baremos das tres avaliacións do curso. Para a entrega na aula virtual ou para revisións de cadernos consensuaranse datas cos grupos.

No caso da 3ª avaliación formal, indicárase ao alumnado que deba recuperar as tarefas que deberá realizar antes da avaliación final. Se é necesario, celebraranse probas escritas de recuperación.

Mentres o alumnado que o necesite fai estes traballos de recuperación, o alumnado xa avaliado realizará tarefas de creatividade e opinión, comentando textos ou vídeo-clips que se porán á súa disposición a través da aula virtual de eva-edixgal e que tratarán temas propios da 3ª avaliación tomando unha perspectiva global respecto ao conxunto do traballo do curso.

Actividades extraescolares e complementarias

Visita á igrexa de Redondela e Casa da República. Visita en grupo a lugares significativos da nosa vila, destinado a interpretar símbolos nos muros, tales como listaxes de nomes conmemorativas de persoas mortas na revolta militar contra a II República, ameazas de morte en forma de pintadas nas paredes, etc.

Charla: *A imaxe da muller na publicidade*. Impartida por un/ha activista de Dereitos Humanos de Amnistía Internacional. Procurarase facer coincidir a data co *Día internacional da muller*, 8 de marzo e incluír na temática asuntos relacionados co Proxecto de Biblioteca: *Estou ben no meu planeta*.

VALORES ÉTICOS 4º ESO

Contidos, temporización, criterios e instrumentos de avaliación

Aplícanse os criterios xerais recollidos no apartado xeral “VALORES ÉTICOS 1º - 4º ESO”.

En cada avaliación haberá un ou varios proxectos, xogos, etc. que terán un peso do 50% na nota da avaliación, que será proporcional aos rexistros de autoavaliación e do caderno. Haberá tamén unha proba escrita cun peso do 50% na avaliación. A falta ao presentar o caderno implicará en cada avaliación que a nota máxima sexa 4, e calcularase en proporción ao resultado obtido sobre 10 ptos.

Os contidos desta materia divídense en 6 bloques:

- Bloque 1. A filosofía
- Bloque 2. Identidade persoal
- Bloque 3. Socialización
- Bloque 4. Pensamento
- Bloque 5. Realidade e metafísica
- Bloque 6. Transformación

Agrúpanse por avaliacións do seguinte xeito:

I Av. (Bloque 1: Dignidade, Bloque 5: DUDH). **Proxecto:** *Os Dereitos Humanos*, Cidades iluminadas contra a pena de morte; confección colectiva dun mural contra a pena de morte. **Proba escrita** sobre os contidos.

II Av. (Bloque 2: Comprensión, respecto, igualdade, Bloque 4: Xustiza e política). **Proxecto:** *A orixe dos Dereitos Humanos*. Circunstancias históricas da DUDH, 3 xeracións dos Dereitos: Elaboración colectiva dun informe en soporte informático a decidir: presentación multimedia, vídeo clip... **Proba escrita** sobre os contidos.

III Av. (Bloque 3: Reflexión ética, Bloque 6: Ciencia e tecnoloxía). **Proxecto:** *Medio ambiente e DDHH*. Tecnoloxía e globalización: elaboración colectiva dun boletín. **Proba escrita** sobre os contidos.

Avaliación inicial

Cuestionario breve. Medirá as competencias CCL, CSC, CCEC.

Atención á diversidade

Alumnado con dificultades: Basta coa participación nos proxectos para acadar o aprobado. En caso de existir dificultades graves incluso para este mínimo, consultar con titoría, orientación e/ou xefatura de estudos e tomar unha decisión en consecuencia.

Alumnado con aproveitamento superior: Poderá dedicar tempo a traballos creativos (p.ex., debuxos, cancións ou infografías sobre os dereitos humanos) ou á busca de información, utilizando materiais (como páxinas en internet ou revistas de Amnistía Internacional, etc.).

Recuperación

Proba escrita sobre os contidos do proxecto, traballos realizados durante a avaliación nos cadernos e temas comentados a propósito dos proxectos.

Deberase recuperar cada avaliación individualmente. As probas escritas faranse despois de que se celebren os exames da III Av. e se entreguen as notas. Non se fará recuperación en caso de que a/o alumna/o teña as tres avaliacións suspensas.

A cualificación da avaliación será o 80% da obtida na proba escrita de recuperación.

Cualificación da Convocatoria ordinaria

Ademais das dúas avaliacións previstas, realizarase unha terceira avaliación, que chamaremos “formal” posto que os resultados non se rexistrarán materialmente na aplicación Xade, de traballos e proba escrita con, polo menos, 15 días de antelación á finalización das clases no mes de xuño e comunicarse o resultado ao alumnado. Deste xeito haberá tres notas correspondentes a tres avaliación e procederase como segue:

- Se a media das tres avaliacións é igual a 5 ou superior, a nota da avaliación final será esa media, redondeada ao enteiro máis próximo. Unha puntuación especialmente alta nas táboas de indicadores (Autoavaliación diaria da participación polo grupo e avaliación da/o profesor/a, caderno da/o alumna/o, etc.) pode axudar a redondear ao enteiro superior aínda que a parte decimal sexa inferior a 0,5.

- Se a nota dalgunha avaliación é inferior a 4 ou a media das tres é inferior a 5 a/o alumna/o deberá facer actividades de recuperación para poderlas ter en conta na avaliación final, en caso contrario estará suspensa/o nesta.

- Se a nota da avaliación final é igual a 5 ou superior, no período entre esta 3ª avaliación formal e o final das clases a/o alumna/o poderá presentar traballos ou realizar actividades para subila. Se é inferior a 5 deberá facelo e acadar unha puntuación igual a 5 ou maior, do contrario a materia quedará suspensa na avaliación final.

Despois das avaliacións o alumnado poderá revisar e completar os traballos e o caderno, que serán avaliados cos mesmos baremos das tres avaliacións do curso. Para a entrega na aula virtual ou para revisións de cadernos consensuaranse datas cos grupos.

No caso da 3ª avaliación formal, indícase ao alumnado que deba recuperar as tarefas que deberá realizar antes da avaliación final. Se é necesario, celebraranse probas escritas de recuperación.

Mentres o alumnado que o necesite fai estes traballos de recuperación, o alumnado xa avaliado realizará tarefas de creatividade e opinión, comentando textos ou vídeo-clips que se porán á súa disposición a través da aula virtual de eva-edixgal e que tratarán temas propios da 3ª avaliación tomando unha perspectiva global respecto ao conxunto do traballo do curso.

6. MATERIAS DE BACHARELATO

(Cursos LOMCE)

MATERIAS DE BACHARELATO

INTRODUCCIÓN XERAL

I. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

1. Atenderase á capacidade, os intereses e a experiencia das/os alumnas/os, para posibilitar a aprendizaxe e a actividade intelectual. A toda costa evitárase incorrer nunha trivialización que reste valor á auténtica reflexión filosófica.

2. Partirase sempre dunha experiencia vital ou cultural significativa para a/o estudante, na que poida sentirse implicada/o. Este principio esixe un tipo de educador/a que manteña unha relación educativa persoal coa/cos súas/seus alumnas/os.

3. Partirase do vocabulario da/o alumna/o para a súa depuración ulterior, ata darlle gradualmente o dominio do vocabulario técnico da materia.

4. Ensinarase a pensar antes que impor solucións. Incitarase á reflexión antes que dar receitas que paralicen o pensamento e a vida.

A través das experiencias persoais ou culturais, procurarase que a/o alumna/o descubra por si mesma/o as distintas respostas dadas aos diferentes estímulos en contextos diversos. Faráse-lle ver que en moitos casos hai cuestións que permanecen abertas no plano racional, sen que isto sirva de pretexto para un relativismo estéril e superficial, senón de estímulo para un desexo meirande de verdade, de compromiso na súa busca e respecto ás opinións discrepantes.

5. Trataranse con rigor as cuestións, sen sobrecargar a clase con discursos inintelixibles, allos á vida e as preocupacións das/os alumna/os. É preferible renunciar a certos temas ou fundamentos que non van coa capacidade da/o alumna/o. É máis formativo tratar poucas e seleccionadas cuestións importantes, que moitas desprovistas de interese.

6. Procurarase un saber por comprensión antes que por memorización. Reter máis ideas ca palabras desprovistas de significado ou simples anécdotas. Recolleranse en síntese os tratamentos analíticos previos.

7. Introducirase á/ó alumna/o no coñecemento de significativos textos filosóficos, de xeito que a través da letra capte de modo directo o zume das/os pensadoras/es.

8. Combinaranse as tarefas individuais cos traballos en equipo.

II. PROCEDEMENTOS

II.1. Metodoloxía

Manteranse dous criterios fundamentais: que o/a alumno/a dirixa o seu propio proceso de aprendizaxe e que as actividades continuadas sobre os materiais presentados sexan a tónica dominante do mesmo, todo isto sobre o marco da aprendizaxe significativa e por descubrimento.

1. Maiéutica socrática como plataforma da ensinanza e da aprendizaxe: motivación do alumnado a partir de torbeliño de ideas, preconceptos e cuestións previas ao desenvolvemento de cada tema.

2. Introducción progresiva e exhaustiva de técnicas de escritura: definición de conceptos, construción de argumentacións filosóficas ou disertacións, resolución de dilemas morais, composición de temas a partir de certos materiais dados (ensaio e preparación da proba de aptitude para a Universidade).

3. Introducción progresiva y exhaustiva nas destrezas e técnicas de comentarios de texto: elaboración somera de contextualizacións, localización de termos relevantes, análise e categorización das ideas (tema ou idea principal, tese, ideas secundarias, ideas relacionadas), estruturación formal, composición de glosas. Posterior perfeccionamento.

4. Introducción na realización de críticas obxectivas e contextualizadas de problemáticas filosóficas e científicas. Posterior perfeccionamento.

5. Introducción progresiva y exhaustiva na realización de mapas conceptuais e esquemas temáticos. Posterior perfeccionamento.

6. Organización de postas en común, debates, mesas redondas e demais intervencións individuais e colectivas.

7. Introducción progresiva e posterior perfeccionamento na técnica de interrelación de problemáticas, autores, correntes e sistemas de pensamento e opinión: entre eles e a nivel teórico, e con respecto á realidade histórica e epocal concreta.

8. Introducción progresiva e posterior perfeccionamento na lectura e recensión, así como na comprensión global e detallada, de obras clave e relacionadas cas distintas unidades temáticas presentadas.

9. Recoñecemento de prexuízos e valores que subxacen nas formas de pensar e actuar.

10. Uso coherente e rigoroso dos termos filosóficos estudados.

11. Potenciación e desenvolvemento de técnicas relativas á argumentación e expresión do propio pensamento, de forma oral e/ou escrita, con claridade, coherencia e contrastabilidade.

12. Exposición sintetizada dos temas na clase e aclaración de dúbidas sobre a marcha.

13. Guías de resolución de dificultade que se lle presentan a cada alumno/a.

14. Proposta de problemas concretos ós que aplicar os contidos dos temas teóricos expostos, especialmente en materias de ética, socioloxía, psicoloxía, epistemoloxía...

15. Introducción e desenvolvemento de técnicas de resolución de exercicios de lóxica.

16. Proposta de temas e bibliografía para a elaboración de traballos monográficos, comentarios e exposicións. Indicacións ao respecto.

17. Toma de apuntamentos por parte do alumnado. Para a adquisición desta técnica a/o profesor/a poderá introducir os temas que, estando recollidos nesta programación, non estean convenientemente desenvolvidos nos libros de texto seleccionados ou recomendados polo departamento, mediante unha disertación na que o alumnado tomará apuntamentos. Despois revisaranse en clase. Nestes casos é conveniente que a/o profesor/a apoie a exposición con material audiovisual que vaia axudando ao alumnado a estruturar as notas segundo as vai tomando durante a disertación.

18. Producción de materiais en diversidade de formatos non tradicionalmente escolares, desde murais, obxectos nos que os aspectos expresivos, emocionais, plásticos, visuais, musicos, e/ou psicomotores sexan esenciais ata publicacións a través de ferramentas web como blog e outras.

II.2. Materiais

Os medios técnicos e materiais de apoio cos que contará o/a alumno/a poderán ser algúns dos que se detallan de seguido:

-Esquemas, guións, mapas conceptuais, orientacións sobre técnicas de escritura e comentarios de texto, cuestionarios axeitados a cada tema e punto temático que se vaia tratando. O principal destes materiais estará pendurado na aula virtual da materia.

-Lista básica (sempre aberta) de bibliografía.

-A/O profesor/a guiará á alumna/o no uso das novas tecnoloxías postas ao seu alcance polo centro, tanto no aspecto funcional (atopar información a través de plataformas web, realizar tarefas online, traballar con distintos formatos como textos, audio, vídeo, etc.) como no máis puramente filosófico (alfabetización informacional, elaboración e presentación de ideas, gamificación, etc.).

-A aula virtual será o punto de partida para a conexión entre profesorado e alumnado.

II.3. Actividades do/a alumno/a

-Reflexións previas a cada tema, acicatadas por puntos positivos, e debates en grupo que permitan pensar en alto e entre todos ir cercando as cuestións centrais a desenvolver.

-Comentarios de texto.

-Definicións conceptuais, disertacións filosóficas, composición de temas.

-Desenvolvemento dos mapas conceptuais presentados, que en principio convirá facelos en grupo.

-Exames individuais por bloques temáticos ou unidades temáticas complementarias en base ás datas das avaliacións. Constarán de: preguntas tema, definición de conceptos, casos prácticos, cuestións breves e comentario de texto.

- Exposicións individuais ou colectivas de traballos, comentarios, temas, ideas...
- Traballos monográficos sobre temas, autores o cuestións específicas.
- Traballos realizados en soporte informático: procesador de texto, presentación multimedia, plataformas online para diversos formatos, gamificación... Publicación deses traballos en blog, revista do centro...
- Toma de apuntes e sínteses persoais.
- Intervencións na clase e valoracións das intervencións de outros/as compañeiros/as, acompañadas de crítica formal e de contidos.
- Achega de ideas, suxestións, sobre os distintos aspectos da materia.
- Lecturas e controles sobre obras determinadas, especificadas en lista comunicada ao alumnado.
- Realizacións de actividades concretas e específicas por unidades temáticas e por bloques.

II.4. Esquema de comentario de texto

Preséntase, con carácter xeral, unha guía básica para seguir nos comentarios de texto. A base é a mesma para os distintos niveis, pero a riqueza de contidos e a forza da cohesión interna deberán ir crescendo dun nivel ao seguinte. En cada curso o esquema irase aplicando de xeito gradual e progresivo.

1º. SITUACIÓN DO/A AUTOR/A.- (¿Dende onde fala o texto?)

-Época, corrente, preocupacións, temas: indicacións básicas de problemática e resposta.

-Contrastación con outros/as autores/as.

2º. ANÁLISE DO TEXTO.- (¿Que di o texto e como o di?)

-Análise semántica: localización e definición dos termos relevantes.

-Xerarquía de ideas: identificación de idea central o tema, tese, ideas secundarias e ideas relacionadas.

-Estructura lóxico-formal: ¿Como di o texto o que di?

3º: GLOSA DO TEXTO.- (Eu explico o texto)

-Organización e composición dos elementos explicativos nunha disertación integrada.

-Crítica obxectiva e persoal.

III. ACTITUDES

-Valoración do emprego da razón e do diálogo como medios máis eficaces para enfrontarse cos problemas que aburan ao ser humano, e para construír calquera proxecto de vida humana desexable.

-Valoración das diversas teorías elaboradas coa intención de comprender o ser da persoa humana.

-Adquisición dunha actitude respectuosa cos seres humanos, coas súas opinións, crenzas e valores, sempre que estas non supoñan unha mingua da súa liberdade, autonomía e igualdade.

-Valoración da diversidade cultural, ideolóxica, estética, moral, etc. como un enriquecemento da vida humana.

-Valoración dos intentos de pensar en termos universais, superando os localismos e etnocentrismos.

-Potenciación do gusto polo saber e pola coherencia intelectual.

-Compromiso co intento de explicar racionalmente a realidade.

-Actitude crítica fronte a todo intento de imposición de crenzas ou visións do mundo que interfiran coa liberdade e autonomía dos seres humanos.

-Adquisición do hábito de pensar en termos globais, buscando harmonizar e integrar a información obtida a partir de fontes diversas.

-Compromiso co coñecemento da realidade na que vivimos, fronte ós discursos enganosos da publicidade, os intereses particulares de certos grupos de presión, etc.

-Valoración das diversas teorías elaboradas coa intención de comprender o comportamento moral e estético dos seres humanos.

-Toma de conciencia do carácter específico do comportamento humano, valorando a liberdade e creatividade de este.

-Adopción dunha actitude crítica fronte ao desenvolvemento tecnolóxico e os intentos de facer pasar a racionalidade instrumental como a racionalidade sen máis.

-Valoración do papel das normas e institucións para organizar a vida humana.

-Valoración da razón e do diálogo como medios para construír unha sociedade á medida dos intereses dos seres humanos.

-Adquisición de hábitos de participación en aquelas actividades que son necesarias para o desenvolvemento da vida colectiva.

-Adquisición de actitudes de respecto cara ós demais.

-Valoración do sistema democrático de organizar o poder político como o máis xusto e axeitado para desenvolverse como seres humanos dignos.

-Valoración das distintas teorías que intentaron explicar os mecanismos de organización social e de cambio histórico.

IV. NOTA SOBRE A REDACCIÓN DE TRABALLOS E PROBAS ESCRITAS

Faise constar explicitamente o seguinte criterio, que obviamente se deduce do anterior: en todo traballo (oral, escrito, gráfico, fílmico, musical ou calquera outro xeito en que se presente) que vaia constar para avaliación, a organización dos materiais (redacción, composición, secuenciación de imaxes...) debe ser orixinal da/o alumna/o. Prohíbense explicitamente non só a copia de materiais (xa sexa consultando libros, cadernos, anotacións durante un exame, mirando o traballo dalgún/ha compañeiro/a, conversando ou calquera outro xeito análogo) senón tamén a reprodución memorística de pasaxes longos de apuntamentos ou libros de texto, plaxio, refun-

dición literal de varios documentos, copia substituíndo directamente termos sinónimos e o uso de calquera outra técnica que elimine ou limite excesivamente a expresión orixinal da/o alumna/o. En caso de que se desexe facer algunha cita (por exemplo, dunha obra coñecida dun/ha autor/a, dunha páxina web, dunha película comercial, etc.) débense utilizar os convenios axeitados, tales como entrecomiñado nos textos escritos, indicación de principio e final de cita nas exposicións orais, inserción dun hipervínculo á URL do artigo citado cando se utilice soporte informático, etc., quedando claro que a cita debe apoiar, ilustrar ou complementar a exposición orixinal da/o alumna/o, pero nunca substituíla.

De xeito especial prohibese a reprodución de fragmentos de páxinas de internet. O mero feito de que a/o profesor/a poida presentar unha páxina web na que apareza un texto inadecuadamente similar ao presentado pola/o alumna/o nun exame ou traballo implica a cualificación negativa deste, independentemente de que se trate dunha memorización ou dunha copia, non tendo a/o profesor/a que demostrar que se trata do segundo caso.

Máis aínda, prohibese explicitamente o acceso da/o alumna/o a calquera aparello tecnolóxico durante os exames presenciais (teléfono, tablet, auriculares, cámara fotográfica...) salvo no caso de que a/o propia/o profesor/a esixa que se utilice, como por exemplo nas aulas INFORMÁTICA ou TIC. En caso de que se atopase algún destes aparellos ao alcance dun/ha alumno/a durante un exame deberase proceder á inmediata expulsión do mesmo da persoa implicada, cualificándose negativamente o exercicio.

V. MARCO IDEOLÓXICO

V. 1. Tratamento da diversidade

Este Seminario fai súas as finalidades xerais da Educación Secundaria referidas ao tratamento da diversidade tal e como son recollidas no espírito da lexislación vixente. Ditas finalidades pódense agrupar en formativas e propedéuticas.

O/A profesor/a, como formador/a, deberá impartir unha ensinanza personalizada (ata onde sexa posible) atendendo ás expectativas, motivacións e demais circunstancias do/a alumno/a, polo que poñerá a disposición dos/as seus/súas alumnos/as material adicional cando así lle sexa solicitado e, así mesmo, colaborará moi especialmente en cuestión de matizar, ampliar ou profundar nos contidos propostos. Tecnicamente, o rol docente estará enmarcado pola finalidade propedéutica da propia Educación Secundaria de ser tamén un paso cara a outros estudos (universitarios ou profesionais), algo que non se pode esquecer.

V. 2. Temas Transversais

A educación non ten como finalidade única a adquisición de coñecementos, senón que, ante todo, trata de formar persoas: persoas que deberán estar preparadas para desenvolverse como cidadáns e cidadás membros dunha sociedade democrática, e que, como tales, estean capacitados/as para asumir as responsabilidades que lles correspondan, para ser libres e autónomos/as, para comprometerse na defensa da xustiza, e ser solidarios/as. Todos estes valores deberán aparecer reflectidos nos chamados temas transversais, marco de fondo fundamental pa-

ra o tratamento de tódalas unidades temáticas desta programación, a saber:

Educación Moral e Cívica, Educación para a Paz, Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos, Educación Ambiental, Educación para a Saúde, Educación Sexual, Educación do Consumidor, Educación Viaria.

Se estes temas deben ser asumidos por todo o profesorado, moi especialmente convértense en tarefa dos Seminarios de filosofía, pois unha das tarefas do saber filosófico é, precisamente, a de axudar ao desenvolvemento dun proxecto global de vida humana, isto é, a reflexión sobre o tipo de persoas que queremos ser. Implícita e explicitamente debemos asumir a defensa dunha sociedade democrática e dos valores a ela asociados: defensa do pluralismo, da liberdade e autonomía individuais, do respecto e tolerancia, da igualdade de dereitos e oportunidades por enriba de condicións sexuais, raciais ou de clase.

No presente ano prestarase especial atención á ecoloxía como fonte de reflexión e praxe filosóficas, en colaboración co Proxecto de Biblioteca: *Estou ben no meu planeta*.

V. 3. Competencias básicas e competencias clave

Esténdese a todos os niveis educativos o obxectivo de profundar nas Competencias Clave previstas pola LOMCE:

- A. Comunicación lingüística (CCL).
- B. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- C. Competencia dixital (CD).
- D. Aprender a aprender (CAA).
- E. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- F. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- G. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

HISTORIA DA FILOSOFÍA

2º DE BACHARELATO

1. PRESENTACIÓN

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de cuarto de ESO e Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si.

Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

a) A competencia en comunicación lingüística, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.

b) As competencias sociais e cívicas preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.

c) A competencia de aprender a aprender contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídesse reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.

d) A competencia dixital desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.

e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.

5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándo-os coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.

6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.

7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.

8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.

9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.

10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

3. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA (CRITERIOS XERAIS)

Bloques, Unidades Didácticas e Fichas

Esta materia organízase partindo dos seguintes principios: en primeiro lugar, que non se pode facer distincións entre o alumnado que vai facer a Proba ABAU de Historia de Filosofía a final de curso e o alumnado que non a vai facer; en segundo lugar, que o alumnado que vaia facela debe ir ben preparado; e tamén outros principios menores como preferir, en igualdade de condicións, os criterios do grupo de traballo que elabora esa proba sobre os do Departamento, etc. En consecuencia, manteremos nesta Programación as indicacións para a Proba de ABAU publicadas na páxina do Grupo de Traballo de Historia da Filosofía da CiUG.

Como xa se dixo na Presentación, e seguindo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da materia, organízase esta en 5 bloques, que dividiremos en 6 Unidades Didácticas agrupadas en torno aos autores situados pola CiUG na Opción A:

Unidade Didáctica 1. Corresponde ao **Bloque 1**, instrumental (busca, tratamento, comprensión e sistematización da información, creación de opinión, expresión...), e desenvólvese simultaneamente cos contidos ao longo das tres avaliacións.

O outros catro Bloques (Filosofía das Idades Antiga, Media, Moderna e Contemporánea) desenvólvense seguindo as indicacións do Grupo de Traballo CiUG, centrándose nos autores citados na Opción A e incluíndo á/os demais como complemento, contexto ou crítica, sen perder por iso profundidade nin rigor:

Unidade Didáctica 2: PLATÓN (Bloques 2 - 5). Presocráticas/os, Sócrates, Platón, Aristóteles, filosofía medieval, Locke e Nietzsche (Estes dous últimos só pola súa crítica a Platón).

Unidade Didáctica 3: DESCARTES (Bloque 3). Descartes.

Unidade Didáctica 4: LOCKE (Bloque 3). Locke, Hume. a Ilustración.

Unidade Didáctica 5: KANT (Bloque 4). Kant.

Unidade Didáctica 6: MARX (Bloque 5). Marx, Nietzsche, Ortega y Gasset.

Temporización

O Bloque 1 (Corresponde a UD 1) trabállase, globalizado cos contidos, ao longo de todo o curso.

I Av.: Unidade Didáctica 2.

II Av.: Unidades Didácticas 3, 4.

III Av.: Unidades Didácticas 5, 6.

4. CONTIDOS, BIBLIOGRAFÍA E MATERIAIS

A) CONTIDOS

Desenvólvense deste xeito os estándares marcados para a proba ABAU:

U.D. 2: Platón

- Presocráticas/os e Sócrates:

A orixe do cosmos na corrente presocrática.

Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

- Platón:

Realidade e coñecemento en Platón.

Platón: antropoloxía e política.

- Aristóteles:

Física e metafísica en Aristóteles.

Ética e política en Aristóteles.

- Filosofía medieval:

O problema razón/fe na filosofía medieval..

U.D. 3: Descartes

- Descartes:

Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.

U.D. 4: Locke

- Locke:

O liberalismo político de Locke.

- Hume:
Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.
- A Ilustración:
Razón e progreso na Ilustración.

U.D. 5: Kant

- Kant:
Os límites do coñecemento en Kant.
A lei moral en Kant.

U.D. 6: Marx

- Marx:
Alienación e ideoloxía en Marx.
- Nietzsche:
Nietzsche: crítica da cultura occidental.
- Ortega y Gasset:
Ortega y Gasset: a razón vital.

B) BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA GENERAL

TEJEDOR CAMPOMANES, C.: *Historia da Filosofía*, Obra colectiva de Editorial Rodeira (Libro de texto suxerido).

ABBAGNANO, F.: *Historia de la Filosofía*, 3 volumes

COPELSTON, F.: *Historia de la Filosofía*, 9 volumes

CHATELET, F.: *Historia de la Filosofía Occidental*, 14 volumes

MARTINEZ MARZOA, F.: *Historia de la Filosofía*, 2 volumes

O'CONNOR, D.J.: *Historia de la Filosofía*, 4 volumes

HIRSCHBERGER, J.: *Historia de la Filosofía*, 2 volumes

FRAILE Y URDANOS: *Historia de la Filosofía*, 7 volumes

VARIOS (ED. S.XXI): *Historia de la Filosofía*, 10 volumes

ZUBIRI, X.: *Cinco lecciones de Filosofía*

BIBLIOGRAFÍA FUNDAMENTAL

PRESOCRÁTICOS: *Fragmentos relevantes*

SOFISTAS Y SÓCRATES: *Diálogos platónicos relevantes*

PLATÓN: *La República, Timeo*

ARISTÓTELES: *Metafísica, De Anima, Ética a Nicómaco, Política*

AGOSTIÑO DE HIPONA: *Ciudad de Dios*

TOMÉ DE AQUINO: *Summa Teológica, Summa contra Gentiles*

OCKHAM, G.: *De: Summa Logicae*

DESCARTES, R.: *Discurso del Método, Meditaciones Metafísicas*

NEWTON, I.: *Principios matemáticos de la Filosofía Natural*

HUME, D.: *Investigación sobre el entendimiento humano*

LOCKE, J.: *Ensayo sobre el entendimiento humano*

ROUSSEAU, J.J.: *El contrato social*

KANT, I.: *Crítica de la Razón Pura (Prólogos), ¿Qué es la Ilustración?, Fundamentación de la Metafísica de las Costumbres*

MARX, K.: *Tesis sobre Feuerbach, Prólogo de la contribución a la crítica de la economía política, Manuscritos de economía y filosofía*

NIETZSCHE, F.: *La genealogía de la moral, El crepúsculo de los ídolos*

MARCUSE, H.: *El hombre unidimensional, Eros y civilización*

D) BIBLIOGRAFÍA ADICIONAL

GIGON, O.: *Los orígenes de la filosofía griega*

JAEGER, W.: *La teología de los primeros filósofos griegos*

KIRK, G. e RAVEN, J.: *Los filósofos presocráticos*

GRUBE, E.: *El pensamiento de Platón*

JAEGER, W.: *Aristóteles*

AUBENQUE, P.: *El problema del Ser en Aristóteles*

GARCÍA GUAL, C.: *Epicuro*

FARRINGTON, B.: *Ciencia y Filosofía*

HULL, L.W.H.: *Historia y filosofía de la Ciencia*

GARCÍA-JUNCEDA, J. A.: *La cultura cristiana y San Agustín*

GILSON, E.: *La filosofía en la Edad Media, El Tomismo*

JOLIVET, R.: *S. Agustín y el Neoplatonismo cristiano*

COPELSTON, F.C.: *El pensamiento de Sto. Tomás*

LE GOFF, J.: *Los intelectuales de la Edad Media*

CHESTERTON, G.K.: *Santo Tomás de Aquino*

ANDRES, T.: *El nominalismo de Guillermo de Ockham como filósofo del lenguaje*

RÁBADE, S.: *Guillermo de Ockham y la filosofía del siglo XIV*

CASSIRER, E.: *Individuo y Cosmos en la filosofía del Renacimiento*

KOYRÉ, A.: *Estudios galileanos*

RÁBADE, S.: *El pensamiento de Descartes*

BLANCHE, R.: *El método experimental y la filosofía de la Física*

RÁBADE, S.: *Hume y el fenomenismo moderno*

RODIS-LEWIS, G.: *Descartes y el racionalismo*

BERMUDO, J.M.: *El empirismo*

CASSIRER, E.: *La filosofía de la Ilustración*

GARCÍA-BORRÓN MORAL, J. C.: *Empirismo e Ilustración inglesa: De Hobbes a Hume*

BERMUDO, J.M.: *Juan Jacobo Rousseau*

HEIDEGGER, M.: *Kant y el problema de la Metafísica*

GARCÍA MORENTE, M.: *La filosofía de Kant*